



Memoria de Actividades Proyecto Ríos 2023

Memoria Actividades 2023

Coordinación: Paco Bañobre

Realización: María Amigo

Maquetación: Itziar Díaz

Fotografía.: Ramsés Pérez, Paco Bañobre

Proxecto Ríos

Avd Castelao nº 20

15704 Santiago de Compostela

proxectorios.org

1. Introducción.

2. Memoria de actividades.

- Participación do voluntariado no Proxecto Ríos
- Saídas Formativas
- Charlas presentación do Proxecto Ríos
- Asistencia a xornadas e congresos
- Cursos de formación
- Campo de voluntariado do río Tea
- Interreg DiadES
- XVI Limpeza Simultánea de Ríos
- Comunicación

3. Materiais editados.

4. Anexos.

- Memoria económica





1. Introducción



No ano 2005 comeza a andaina do Proxecto Ríos en Galicia que é coordinado pola Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia (ADEGA). A finalidade é dar a coñecer a situación ambiental dos nosos cursos fluviais, incrementar a concienciación ambiental a través da participación cidadá e ofrecer solución aos problemas asociados á auga e aos ríos. ADEGA pretende converterse nun referente nos programas de educación e voluntariado ambiental. O Proxecto Ríos conta nesta ano 2021 coa colaboración de Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

A finalidade é dar a coñecer a importancia dos ríos e as problemáticas ambientais asociadas aos mesmos. O obxectivo xeral do Proxecto Ríos é ensinar e transmitir bos comportamentos aos cidadáns para a mellora dos cursos fluviais mediante a súa participación.

- En canto aos obxectivos específicos do proxecto, a relación é a seguinte:
- Mostrar aos participantes as responsabilidades ambientais que teñen con relación ás augas, como non contaminalas e axudar á súa conservación.
- Ensinar a identificar a flora e fauna dos ecosistemas de ribeira.
- Interpretar o ciclo da auga a escala global e local, informando aos participantes do seu papel nese ciclo.
- Facilitar o material específico necesario e persoal indicado para realizar as inspeccións.
- Motivar para aprender a relacionar elementos naturais, culturais, históricos, sociais, económicos, etc.
- Dispoñer dunha sede física e virtual onde centralizar as actividades do Proxecto Ríos e os recursos de educación ambiental e facilitar o acceso aos participantes.
- Fomentar a educación ambiental nos concellos, ofrecendo actividades para diferentes grupos sociais.


2. Memoria de actividades

2.1. Participación do voluntariado.


En canto ás actividades desenvolvidas en 2023, continuouse cos obxectivos de consolidación da participación cidadá arredor dos cursos fluviais.

Participación do voluntariado no Proxecto Ríos

Na actualidade (novembro 2023) hai 272 grupos participando no Proxecto Ríos, que se distribúen por provincias, tal e como amosa a seguinte figura:




A progresión na participación está reflectida na seguinte gráfica:



A tipoloxía dos grupos participantes no Proxecto Ríos está representada na seguinte figura. Os piares fundamentais do proxecto son os centros de ensino, que en total (IES, CPI e

CEIP) suman o 53% do total. A continuación, as asociacións e os grupos de particulares son os máis abundantes. En 2023 continuamos colaborando co Plan Proxecta da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.



2.2. Saídas formativas.

As saídas formativas consisten en facer unha inspección de río co apoio da equipa educativa do Proxecto Ríos. As saídas formativas constan de dúas partes: unha primeira na que se percorre o treito escollido e se identifican especies vexetais e animais tanto das marxes como do leito do río e na que tamén se realiza o esquema do treito inspeccionado. Ao longo do percorrido aproveitase para comentar diferentes aspectos relacionados cos ecosistemas fluviais, así como para contabilizar o patrimonio etnográfico e analizar os colectores que poidan aparecer no treito. O estudo dos colectores permite coñecer a tipoloxía e a posible perigosidade dos aportes que poida ter o treito inspeccionado así como tomar as medidas oportunas de denuncia ambiental cando proceda. A presenza de restos patrimoniais nos ríos galegos é moi elevada, por iso dende o Proxecto Ríos se lle quere dar unha especial relevancia ó estudo dos mesmos facendo fincapé nos usos tradicionais que posúen os ríos.

Na segunda parte da inspección se escolle un punto de mostraxe representativo do treito elixido onde se farán as análises e medicións dos parámetros fisicoquímicos e biolóxicos. Dentro dos parámetros físicos mídese a anchura da canle, a profundidade, a velocidade da corrente, as características organolépticas da auga, a temperatura e a transparencia, así como o estado do bosque de ribeira (o cal se calcula a través dun índice de calidade de ribeira) e a porcentaxe de sombra que cubre a canle. Nos parámetros químicos se miden o pH, a cantidade de nitratos e osíxeno disoltos na auga. No punto de mostraxe faise tamén un estudo dos macroinvertebrados presentes no substrato do río. Estes organismos son bioindicadores, o que permite avaliar a calidade das augas. En función dos datos recollidos se asigna un valor representativo do estado de saúde do río inspeccionado. A escala de valores vai do 1 ao 5, sendo o primeiro un estado óptimo de

saúde. O último estado indica que o río carece das condicións axeitadas para o desenvolvemento da vida.

Dentro da duración das saídas realizase tamén a pé de río unha presentación sobre o Proxecto Ríos, sobre a metodoloxía de inspección e sobre aspectos relevantes que teñen que ver cos ríos e a súa xestión.

En 2023 realizáronse as seguintes saídas formativas:

03/03/2023. CPI As Revoltas (Cabana de Bergantiños). Rego dos Muiños.

06/03/2023. Colexio Sagrado Corazón (Ribadeo). Rego de Vilaselán.

07/03/2023. IES de Arzúa (Arzúa). Ríos Carracedo e Iso..

15/03/2023. IES Mendiño (Redondela). Río Pexegueiro.

21/03/2023. CIFP San Paio (Santiago de Compostela). Río Sarela.

22/03/2023. IES Torrente Ballester (Pontevedra). Río Tomeza.

24/03/2023. IES A Guía (Vigo). Río Eifonso.

28/03/2023. IES Antón Fraguas (Santiago de Compostela). Río Sar.

3.0/03/2023. CPI de Pontecarreira (Frades). Río Tambre.

11/04/2023. IES Ricardo Mella (Vigo). Río Lagares.

12/04/2023. IES N°1 de Ribeira. Rego das Saiñas.

18/04/2023. IESP Ames (Ames). Rego dos Pasos.

03/05/2023. IES Castro de Baroncelli (Verín). Río Támega.

03/05/2023. CEIP do Camiño Inglés (Oroso). Ríos Carboeiro e Tambre.

09/05/2023. CEIP Mestre Xixirei. Río Sionlla.

10/05/2023. Asoc. Érguete Vigo. Río Lagares.

10/05/2023. IESP Pedra da Aguia (Camariñas). Río Grande..

11/05/2023. IES Fernando Blanco (Cee). Río Negro..

14/05/2023. Asoc. Amigos do Mosteiro de Sta Catalina (Ares). Rego dos Frades..

23/05/2023. CEIP de Corvillón (Cambados). Río Umia.

30/05/2023. IES Manuel García Barros (A Estrada). Río Barranqueira.

31/05/2023. CEIP Sequelo (Marín). Río Lameira.

06/06/2023. CEIP Rosalía de Castro (Padrón). Río Sarela.

12/06/2023. CEIP Labarta-Pose (Baio). Río Grande.

15/06/2023. CPI A Picota (Mazaricos). Río Mazaricos.

07/09/2023. Asoc veciños/as Val do Dubra. Río Tarrulo.

22/09/2023. Asoc. veciños/as Río Sarela (Santiago de Compostela). Río Sarela.

26/09/2023. CPI Aurelio Marcelino Rey García (Cuntis). Río Gallo.

27/09/2023. CEIP A Rúa (Cangas do Morrazo). Rego das Saíñas.

03/10/2023. IES Manuel García Barros (A Estrada). Río Barranqueira.

04/10/2023. IES Chano Piñeiro (Forcarei). Río Lérez.

05/10/2023. CEIP Labarta-Pose (Baio). Río Grande.

10/10/2023. IES Fernando Esquío. (Neda). Río Beellelle.

.17/11/2023. Escola Montessori (Santiago de Compostela). Río Sar.

18/11/2023. CC Ambientais .UNED Pontevedra (Santiago de Compostela). Río Sarela.

22/11/2023. Escola Rosalía de Castro (Vigo). Río Eifonso

24/11/2023. 1º Bioloxía UDC (A Coruña). Rego Lagar.



2.3. Charlas de presentación do Proxecto Ríos

Aínda que a páxina web e as redes sociais do proxecto son a canle de difusión por excelencia do mesmo, as charlas de presentación do Proxecto Ríos funcionan tamén como ferramenta de divulgación aínda que a finalidade última é que se formen grupos de voluntarios/as nunha zona concreta e traballen para mellorar a calidade dos ecosistemas fluviais da súa contorna.

As charlas consisten nunha presentación en PowerPoint onde se amosan os contidos do proxecto, os materiais a empregar nas inspeccións dos ríos, os pasos a seguir na realización das inspeccións, así como pautas para o correcto manexo dos materiais e actitudes positivas á hora de facer a saída ao campo. Logo, ábrese unha quenda de debate sobre aspectos que os asistentes consideren importantes relacionados cos ecosistemas fluviais.

As conferencias con grupos ou entidades interesadas polo Proxecto Ríos foi no primeiro semestre de 2023 a seguinte:

05/06/2023. Charla no CPI de Atios (Valdoviño)



2.4. Asistencia a xornadas e congresos

Dentro das actividades desenvolvidas pola equipa que integra o Proxecto Ríos, está a asistencia a xornadas e congresos que teñan nos seus contidos temas relacionados cos ecosistemas fluviais, a auga, o voluntariado e a educación ambiental. A participación nestes eventos pode ser formativa para os asistentes e/ou participativa, presentando as actividades desenvolvidas polo Proxecto Ríos, participando en mesas de traballo, etc...

En 2023 asistimos a:

17 de xuño de 2023. Acto de clausura do proxecto Interreg DiadES.

30 de novembro – 1 decembro 2023. Xornada teórico – práctica Facultade de Bioloxía da USC. Curso: 'Territorios esponja como reguladores hidrológicos'. Centro Ibérico de Restauración Fluvial (CIREF).

2.5. Cursos de formación

XXXVI Curso de Formación para Coordinadores de Grupo do Proxecto Ríos. 22 de abril de 2023. IES de Brión (Brión)

O sábado, 22 de abril, realizouse o XXXVI curso de primavera do Proxecto Ríos destinado ás persoas coordinadoras de grupos do Proxecto Ríos. Tendo lugar esta xuntanza no IES de Brión.

O curso comezou ás 10:00h dándolle acollida ás persoas participantes e facilitándolle o material necesario. Tras pasar 20 minutos a xornada deu comezo, onde Paco Bañobre explicou brevemente cal era a orde do programa que se iba a levar a cabo e fixo unha breve introdución ao Proxecto Ríos. Na introdución do Proxecto Ríos, falouse da ficha de campo para a inspección e tamén se mencionou e se ensinou as diferentes fichas de fauna e flora que se utilizan nas inspeccións para a identificación desta biodiversidade



Deseguido **María Viñas**, ilustradora científica, que traballa para varias editoriais especializadas na publicación de carácter médico e científico, e tamén outros de carácter publicitarios e artísticos, que na actualidade, está traballando con ADEGA para renovar as ilustracións das fichas que se utilizan nas saídas de campo do Proxecto Ríos, realizou unha charla sobre a súa traxectoria laboral. María falounos da súa traxectoria como ilustradora, como foi o

paso polos diferentes postos de traballo e polos diversos campos dos que agora se considera especialista tras ter que informarse para poder ilustrar o que lle pedían. A charla rematou coa proposta de debuxar, neste caso facilitáronse imaxes de *Ginkgo biloba* (Ginkgo), *Motacilla alba* (Lavandeira), *Cinclus cinclus* (merlo rieiro), *Oryctes nasicornis* (escarabello unicornio), *Carcinus maenas* (Cangrexo de mar), entre outros.



Por último, o curso rematou cunha saída ao campo para a recollida de macroinvertebrados, que logo foron identificados polas persoas participantes. Ao pé do río Pego explicouse como facer a captura dos macroinvertebrados e a súa función no ecosistema fluvial. Unha vez recollidas as mostras levaronse ata o laboratorio do IES onde se fixo o recoñecemento das diferentes familias empregando as fichas de identificación.

Para concluír a xornada fixose unha posta en común, expoñendo cales eran as familias atopadas e como proceder para dar a calidade ao río.

Ás 14:30h finalizouse a xornada.



XXXVII Curso de Formación para Coordinadores de Grupo do Proxecto Ríos. 30 de setembro de 2023. IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia)



O sábado 30 de setembro de 2023 realizouse a 37ª xornada de formación do Proxecto Ríos en Xinzo de Limia, correspondente á campaña de outono, en colaboración co IES Lagoa de Antela, onde se desenvolveu o curso.

Iniciamos o curso ás 10:00h na porta do IES para achegarnos ate o río Bidueiro a recoller as mostras de macroinvertebrados, animais bioindicadores que emprega o voluntariado para determinar a calidade ecolóxica do seu río, que logo identificamos e procesamos no laboratorio do instituto.



Na xornada fíxose tamén unha presentación do Proxecto Fluvialis: custodia para a resiliencia, no que ADEGA desenvolve accións de custodia fluvial en varios ríos de Galiza.

Puidemos visitar tamén a exposición Mar de Antela que está instalada no IES.

Contamos nesta xornada coa participación de 16 persoas.



2.6. Campo de voluntariado ambiental no río Tea

Maio 2023

Na fin de semana do 5 ao 7 de maio tivo lugar o campo de voluntariado para eliminación de flora exótica invasora no tramo custodiado do río Tea.

Desta volta, revisamos os traballos feitos nas eliminacións anteriores. Xunto co voluntariado asistente elimináronse rebrotes de *Acacia dealbata*, *Robinia pseudoacacia* e unha pequena mancha de *Phytolacca americana*.



A xornada comezou o venres 5 as seis da tarde onde Itziar Díaz impartiu unha charla sobre a problemática das especies exóticas invasoras e a situación do río Tea falando tamén dos traballos realizados nos anteriores campos de voluntariado.

Esta charla fixose no albergue de Alentea (Covelo) onde o voluntariado estivo aloxado durante o campo de voluntariado.

Na mañá do sábado, o voluntariado achegouse ata Ponte Cernadelas, ao carón de Mondariz, para iniciar o percorrido río arriba do treito de 3Km no que o Proxecto Ríos ten un acordo de custodia coa Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Antes de cruzar a ponte medieval eliminouse un pe de *Phytolacca americana* e explicouse a metodoloxía de traballo.

Ao cruzar a ponte, a actuación centrouse na eliminación de rebrotes de *R. pseudoacacia* dos



restos das árbores cortadas pola cuadrilla de gardería fluvial, que desenvolve accións de xestión da flora exótica invasora no río Tea.



Actuouse tamén nunha mancha de bambú (*Phyllostachys* spp.) que se atopa no camiño e elimináronse rebrotes puntuais de *Acacia dealbata*.

Cara o final da mañá, eliminouse unha pequena mancha de *Phytolacca americana*.

A tarde do sábado estivo adicada a comprobar a calidade ecolóxica do río Tea empregando a metodoloxía de inspección do Proxecto Ríos. Foise río abaixo dende os pasos de Tatín ate o lugar onde se realizaron os estudos de calidade. Aproveitouse tamén para inspeccionar as zonas de traballo en campos anteriores comprobando a ausencia de rebrotes de EEI.

O domingo, para rematar, fíxose unha pequena visita á Rectoral de Barciademeda e ao río Alén.

O roteiro do Alén, incluído dentro da Rede Natura 2000, destaca polo seu bosque de ribeira de ameneiros (*Alnus glutinosa*) e freixos (*Fraxinus angustifolia*) e por posuír unhas das carballeiras termófilas mellor conservadas da provincia de Pontevedra, caracterizada por carballos (*Quercus robur*), loureiros (*Laurus nobilis*), silbardeiras (*Ruscus aculeatus*) e outra flora acompañante.





2.7. Interreg DiadES

O Interreg DiasES é un proxecto no que o Proxecto Ríos-ADEGA participa como unha das entidades interesadas.

Na parte na que o Proxecto Ríos participa é aportando opinión sobre a creación dun dos materiais que servirán para divulgar o valor que os peixes migradores teñen para a sociedade e o medio natural. Trátase dun xogo educativo no que existen diferentes actores e que trata cuestións relacionadas cos beneficios ecosistémicos dos peixes diádromos.

Asistimos ao acto de clausura do DiadES en Galicia, que foi o 17 de xuño de 2023

Proxecto Ríos participou nunha sesión do xogo educativo editado como un dos materiais produto do proxecto, que pretende dar a coñecer a vulnerabilidade á que están expostas as comunidades de peixes migradores a diferentes impactos: cambio climático, pesca intensiva, contaminación, barreiras nos ríos, etc...



El Laboratorio de Hidrobiología de la USC le invita al

Acto de clausura del proyecto Interreg DiadES en Galicia Herramientas innovadoras para la gestión internacional de los peces diádromos

17 de junio, de 12:00 a 17:30

En el Centro de Estudios Avanzados de la USC

Parque de Vista Alegre, Santiago de Compostela

Presentado por:

Dr. Fernando Cobo, Catedrático de Zoología de la USC e investigador principal del proyecto Interreg DiadES en Galicia.



- 12:00 – 12:15 Recipción de los participantes en el evento con la prensa
- 12:15 - 13:30 Presentación del proyecto DiadES y de sus principales resultados. Demostración del atlas web interactivo DiadES para explorar los cambios en las áreas de distribución de estas especies ante el cambio climático y los servicios ecosistémicos asociados.
- 13:30 – 15:30 Comida y atención a los medios
- 16:00 - 17:30: Sesión taller sobre DiadESland, el juego de mesa desarrollado en el proyecto DiadES, sobre la gestión de los peces diádromos ante el cambio global.



2.8. XVI Limpeza Simultánea de Ríos

ADEGA e Proxecto Ríos organizan esta Limpeza Simultánea de Ríos dende o ano 2007, confiando en que esta actividade sexa unha importante ferramenta na educación ambiental e concienciación cidadá cara a conservación dos ecosistemas fluviais.

O domingo 24 de setembro de 2023 realizouse a XVI Limpeza Simultánea de Ríos en 52 concellos de toda Galiza. En cada localidade a actividade foi coordinada por diferentes entidades, dende asociacións ecoloxistas, culturais... até fundacións, centros de ensino e concellos, chegando ás 70 entidades. Houbo concellos nos que participaron varias asociacións limpando diferentes ríos como foi o caso de Gondomar, Santiago de Compostela, Tomiño ou Verín, entre outros. Este ano fíxose a limpeza en 54 treitos de río e participaron 765 persoas.

Neste ano continúan a sumarse á iniciativa concellos, asociacións de pescadores, culturais, xuvenís, ecoloxistas... de moitos lugares de Galiza. Outros grupos levan participado nesta iniciativa dende o inicio, e ao longo destes trece anos pódese observar unha diminución de lixo nos treitos dos ríos apadriñados por estas entidades, aínda que en 2023 volveron a aparecer moitas rodas de automóbiles, e outros voluminosos.

Para a xornada de voluntariado os participantes puideron consultar o Protocolo de Actuación que se pode descargar en PDF. As persoas participantes recibiron como agasallo unha camisola co lema da limpeza 'Móllate polos ríos'.

Na seguinte táboa pódense consultar os treitos de río limpados polo voluntariado, así como o número total de participantes e os quilos de lixo retirados. Marcados en amarelo os realizados na bacía CH-MS:

CONCELLO	Colectivo	Voluntarios/as	Río	kg
A Cañiza	Fundación MundoNatura	5	Calvo	250
A Coruña	OMA-UDC	2	Bens	----
A Estrada	Asociación pola Defensa do Val do Liñares	15	Liñares	500
A Estrada	Concello da Estrada	----	----	----
A Guarda	Asociación A Jalleira	24	Soberbia	60
A Merca	Asociación Xuvenil Xoldreira	11	Arnoia	40
Ames	Concello de Ames	27	Ameneiral,Andoriña e Pasos	200
Allariz	Allariz	25	Arnoia	120
A Pobra de Trives	CEIP de Trives	----	----	----
A Pobra de Trives	IES de Trives	----	----	----
Ares	Asociación Amigos do Mosteiro de Sta. Catalina de Montefaro	8	Frades	80
Ares	Concello de Ares			
Baamonde	Cercud (Centro Cultural Recreativo Deportivo)	12	Parga	27
Betanzos	Fragas do Mandeo	26	Mendo	771
Cangas	ADEGA Morrazo	12	Bouzós	60
Cangas	ANPA Escola A Rúa	25	Saíñas	----
Carballo	ADEGA Carballo	4	Anllóns	300
Castro de Rei	Asociación Deportiva e Cultural Amigos do Miño		Miño	

Carral	Asociación Brexa	22	Barcés	250
Catoira	Ecologistas de Catoira	16	Catoira	100
Catoira	ANPA As Lombas			
Catoira	Concello de Catoira	----	----	----
Cenlle	Asociación Veciñal de Lentille	10	O Regheiro	40
Cervo	Asociación Fervenza de Sargadelos	11	Xunco	35
Cesuras	ANPA CEIP Bragade	21	Mendo	35
Fene	AETNA	19	Baa	
	Asociación Betula			
	CEIP Os casais de Maniños			
Foz	Concello de Foz	7	Centiño	
Gondomar	A Groba / voluntarios de proxecto ríos de Gondomar	12	Zamáns e Miñor	100
Gondomar	Concello de Gondomar	33	Rasas	
Lousame	Fundação Montescola	----	----	----
Lugo	ADEGA Lugo	4	Rato	300
Lugo	Coidemos Lugo	17		400
Lugo	UNED			
Marín	Grupo Cultural Ronsel	25	Loira	140
Meis	Concello de Meis	----	----	----
Meis	CEIP Armenteira	30	Armenteira	----
Moaña	Concello de Moaña + ADEGA Morrazo	15	Rialdarca	200
Negreira a Baña	A.C. Afonso Eanes + A.C. Son Terra	6	Barcala e Tambre	70
Nigrán	Concello de Nigrán	13	Muíños	sen datos
O Grove	IES as Bizocas	27	Bizocas	100
Ourense	Ecovixiantes de Franciscanas	35	Miño	15
Ourense	Aula da Natureza	6	Miño	15
Parada de Sil	A Fábrica da Luz	3	Sil	20
Ponteareas	Plataforma Defendendo o Tea	----	----	----
Pontevedra	Vaipolorio + Asc. Xoán XXIII	----	----	----
Porriño	Asociación Española de Herpetoloxía	----	----	----
Rábade	AGCT	3	Miño	350
Rianxo	AAVV do Araño	13	Te	140
Ribadumia	Colectivo Ecoloxista do Salnés		Umia	
Salceda de Caselas	Asoc. Trezecatorze	38	Ferreiros e Ameiceira	80
San Sadurniño	Concello San Sadurniño	15	Xubia	50
Santiago de Compostela	AA.VV. Rio Sarela	11	Sarela	100
Santiago de Compostela	ADEGA Compostela	16	Sarela	100
Santiago de Compostela	AFA Montessori	12	Sar	70
Sarria	Asoc. Cultural Crearte	12	Sarria	100
Seoane do Courel	CPI UxíoNovoneyra	----	----	----
Sober	Empresa Siltrip	----	----	----
Soutomaior	Concello de Soutomaior	82	Verdugo	400
Teixeira	Asociación vecinal Lumeares Comomires	----	----	----
Tomiño	Técnicos M.A. + Centros de Ensinanza	----	----	----
Tordoia	Asc. Brisa do Quenllo	8	Lengüelle	150

Valga	Muíño Didáctico de Campaña	6	Valga	50
Verín	Asoc. Centro Desarrollo Rural Portas Abertas	11	Rubín	320
Vilalba	ANPA EEI de Vilalba	35	Madalena	400
Vilalba	ANPA CEIP Antonio Insua Bermúdez			
Viveiro	Asociación PRATODO	----	----	----
Xunqueira de Ambía	Iniciativa xunqueira	19	Arnoia	25
Total 52	70	765	54	6513



2.8. Comunicación

A realización das actividades do Proxecto Ríos leva emparellada unha difusión en diversas plataformas dixitais. Na actualidade, ademais do boletín mensual –Gardarrios– enviado a todos/as os/as participantes e simpatizantes do Proxecto Ríos, publicanse na web do proxecto as convocatorias, as crónicas e os álbums de fotos de todas as actividades, para que a sociedade en xeral poida facer un seguimento das accións desenvolvidas polo Proxecto Ríos. Ademais compártense no Facebook e Instagram. Nestas, envíanse fotos e comentarios que informan en tempo real das actividades que se están a facer nos diferentes ríos pola equipa do Proxecto Ríos.

A continuación preséntase unha serie de imaxes da web do Proxecto Ríos, do Gardarrios de redes sociais:

Web do Proxecto Ríos:



The screenshot shows the website's navigation menu with options: INICIO, QUE É?, ACTIVIDADES, XEIVISOR, NOVAS, DESCARGAS, REDE IBÉRICA, CONTACTO. The main content area is titled 'XXXVI CURSO DE FORMACIÓN DO PROXECTO RÍOS' with a 'CONTACTAR' button. Below, it describes the course's purpose: 'Durante das campañas de inspección de ríos o Proxecto Ríos desenvolve cursos de formación para fornecer ao voluntariado participante na metodoloxía de recollida e na identificación de macroinvertebrados...'. It lists the course dates as 'sábado 22 de abril' and mentions the instructor 'María Viñas'. A detailed program is provided:

- 10:00 Recepción e entrega de material.
- 10:15 Estado do Proxecto Ríos
- 10:30 Inicación á ilustración científica. María Viñas, ilustradora
- 11:30 Saída ao río e identificación de macroinvertebrados no laboratorio
- 14:30 Clausura do curso

Contact information: 'Se estás interesado/a en participar, anótate! Teléfono: 981 57 00 99 / 627 628 194 e-mail: proxectoriosgaliza@gmail.com Cartaz da Xornada'.

CAMPO DE VOLUNTARIADO AMBIENTAL NO RÍO TEA

Continuamos este ano cos Campos de Voluntariado para a eliminación de EEI no río Tea.

Será a fin de semana do **5, 6 e 7 de maio**. Realizaremos labores de seguimento da presenza de flora exótica invasora nos 3 Km de río que ten custodiado manchas de *Acacia dealbata*, *A. melanoxylon* ou *Phytolacca americana*, entre outras. Tamén miraremos noutras zonas de traballo de anos pasados para o voluntariado terá cubertos os gastos de aloxamento (Albergue Alentea), manutención, contará cun seguro de accidentes e disporá da ferramenta axeitada preciso inscribirse.

Xa podes anotarte ao campo de voluntariado enviando a ficha de inscrición a itziar@adega.gal ou chamando ao 981 57 00 99 / 699 217 310

Descarrega a [Ficha de inscrición](#)

Descarrega o [CARTAZ DO CAMPO DE VOLUNTARIADO](#)



The graphic features a green background with white text: 'Campo de Voluntariado Ambiental no río Tea' and 'Eliminación de flora exótica invasora 5, 6 e 7 de maio'. It includes small images of the river and a map.



08 06, 2023

Noticias de actualidade, O Proxecto

REMATA A CAMPAÑA DE PRIMAVERA DE 2023

O 1 de xuño rematou a campaña de primavera do Proxecto Ríos. Aínda así tendes uns días para saír aos ríos a facer as inspeccións. O xeoportalo do Proxecto Ríos está operativo polo que podedes inserir os resultados das inspeccións accedendo a través da seguinte ligazón: Xeovisor do Proxecto Ríos. A data límite para inserir



17 10, 2023

Crónicas, Formación



07 11, 2023



O pasado 30 de setembro de 2023 realizáronse as 37ª Xornadas de Formación do Proxecto Ríos en Xinzo de Limia coa colaboración do IES Lagoa de Antela, onde se desenvolveu o curso. Achegámonos ate o río Bidueiro a recoller os macroinvertebrados, animais bioindicadores que emprega o voluntariado para determinar a calidade ecolóxica do seu río, que logo identificamos no laboratorio. Na xornada fíxose tamén unha presentación do Proxecto Fluviatilis: custodia para a resiliencia, no que ADEGA desenvolve accións de custodia fluvial en varios ríos de Galiza. Puidemos visitar tamén a exposición **Mar de Antela** que está instalada no IES. Contamos nesta xornada coa participación de 16 persoas.

Noticias de actualidade

REMATA A CAMPAÑA DE OUTONO 2023

O 20 de novembro remata a campaña de inspeccións do Proxecto Ríos correspondente ao outono de 2023. Hai aínda uns días para poder saír aos ríos a facer os estudos de calidade. Podedes inserir tamén os resultados das análises no xeovisor do Proxecto Ríos. A data límite para inserir os datos é o 30 de

XVI LIMPEZA SIMULTÁNEA DE RÍOS



O Proxecto Ríos xa leva organizando dende o 2007 este día de Limpeza Simultánea en numerosos concell voluntarios e voluntarias saen aos seus ríos para recoller o lixo que atenta contra a riqueza dos nosos ecos. Pretendemos así concienciar á sociedade da necesidade de manter limpos de lixo os nosos cursos fluviais e a súa saúde.

Este ano 2023 celebramos xa a 16ª edición da limpeza simultánea de ríos.

O domingo 24 de setembro é a data na que se realizará a actividade. Para participar podes unirte a algún g teu concello ou ben promover a limpeza nun río actuando de coordinador/a.

Podes ver xa na web da limpeza os contactos das persoas coordinadoras en cada lugar: [Ligazón](#)

Convocaremos aos grupos participantes do Proxecto Ríos a que se unan, un ano máis, a esta iniciativa que anteriores a miles de voluntarios e voluntarias e nas que se retiraron decenas de toneladas de residuos. Tamén convocamos á sociedade en xeral a participar: asociacións, concellos, centros de ensino etc...

Podes botarlle un ollo ás [accións dos anos anteriores](#)

Anímate a participar!!

Para facelo, escribe un mail a: mollatepolosrios@proxectorios.org

XXXVII XORNADA DE FORMACIÓN DO PROXECTO RÍOS



Durante as campañas de inspección de ríos o Proxecto Ríos desenvolve cursos de form voluntariado participante na metodoloxía de recollida e na identificación de macroinvert que empregamos para determinar a calidade ecolóxica do río. O curso de formación de IES Lagoa de Antela (Xinzo de Limia) o **sábado 30 de setembro**.

